

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA
28 DE XUÑO DE 2018**

Asistentes:

ALCALDESA

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ

MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ

ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ

MARÍA ISABEL POISA REY

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA

OLGA QUINTA DEVESA

Polo PP:

JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20.00) do día VINTEOITO de XUÑO do DOUS MIL DEZAOITO, previamente convocados, reuníronse os Concelleiros e Concelleiras á marxe relacionados, baixo a presidencia da Alcaldesa, D^a. María Cristina Cid Fernández, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Non aisten á sesión:

MARÍA TERESA DEVESA GRAÑA, concelleira do grupo municipal do BNG.

MANUEL CID PÉREZ, concelleiro do grupo municipal do BNG.

LUZ DOPORTO REAL, concelleira grupo municipal do PP.

Previamente xustificaron a súa ausencia por distintas razóns persoais.

Sen incidencias.

<p>ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA</p> <p><u>SECRETARIO:</u></p> <p><i>Don Maximino Jardón Pedras</i></p>	
---	--

Esta sesión substitúe, en toda a súa extensión en orde ós asuntos a tratar, á sesión ordinaria correspondente ó mes de xuño que, por razóns de axenda municipal, non é posible celebrala na data acordada, o 29/06. Previamente, consultouse esta circunstancia cos portavoces municipais.

ORDE DO DIA

- 1. ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores correspondentes ás sesións do 27.04.2018, 15.06.2018 e 21.06.2018.**
- 2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
- 3. Toma de posesión da concelleira Olga Quintana Devesa.**
- 4. Coñecemento das resolucións da Alcaldesa en materia de nomeamento de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno e delegacións efectuadas pola Alcaldía.**
- 5. Modificación da composición das comisións informativas permanentes.**
- 6. Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.**
- 7. Relación dos cargos da Corporación con dedicación exclusiva.**
- 8. Ratificación, se procede, do Decreto do Alcalde n.º 0184/2018 sobre o proxecto de servizos sociais comunitarios para o ano 2018 polo que se rectifica, a instancia da Consellería de Benestar Social, o Decreto do Alcalde n.º 0160/2018.-**
- 9. REATUR,SA.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Reatur, SA, aprobación, se procede, da conta anual do exercicio 2017.**
- 10. MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Alaricana, SL, aprobación, se procede da conta anual do exercicio 2017.**
- 11. ROGOS E PREGUNTAS.**

---&&---

Antes de dar comenzo ó examen e debate dos asuntos que conforman ao orde do día da sesión, a Alcaldesa propón alterar a orde dos temas para dar posesión do seu cargo á concelleira, Olga Quintana Devesa (punto nº 3), e permitir a súa participación normal na sesión.

Acéptase a proposta se oposición dos grupos.

1.- Toma de posesión da concelleira Olga Quintana Devesa.

Seguidamente, procedeuse a dar posesión do seu cargo á nova concelleira, de conformidade coa fórmula contemplada no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, polo que se regula a fórmula para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

A Alcaldesa, tras requerir a presenza de Olga Quintana Devesa, que portaba a credencial expedida ao seu nome pola Xunta Electoral Central, formuloulle, coa solemnidade debida, a seguinte pregunta:

Olga Quintana Devesa, ¿xurades ou prometedes, pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealtade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?

Olga Quintana Devesa contestou: Si, prometo.

A Alcaldesa declarou formalmente a posesión do cargo de concelleira.

2.- ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores correspondentes ás sesións do 27.04.2018, 15.06.2018 e 21.06.2018.

Apróbanse, sen modificación alguna, pola unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

3.- Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala a Alcaldesa.

4.- Coñecemento das resolucións da Alcaldesa en materia de nomeamento de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno e delegacións efectuadas pola Alcaldía.

Seguidamente, o Pleno tomou razón dos seguintes Decretos dictados pola Alcaldesa:

DECRETO DA ALCALDESA Núm. 200, de data 26/06/2018

ASUNTO: Nomeamento Tenentes de Alcalde.

Como consecuencia da renuncia ao seu cargo de alcalde e tamén á condición de concelleiro de D. Francisco García Suárez, na sesión plenaria do 15/06/2018, e trala toma de posesión no cargo Alcaldesa de D^a. María Cristina Cid Fernández, na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o 21/06/2018, procede remodelar os cargos de Tenentes de Alcalde.

De conformidade co disposto no artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 (ROF), RESOLVO:

PRIMEIRO. Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros e concelleiras:

DON BERNARDO VARELA LÓPEZ, 1^o tenente de alcalde.

DONA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ, 2^o tenente de alcalde.

DONA MARÍA ISABEL POISA REY, 3^a tenente de alcalde.

Corresponde aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituir na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

SEGUNDO. Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución, conforme indica o artigo 46.1 do ROF.

TERCEIRO. Derrogar calquera outra disposición dictada con anterioridade a presente resolución.

A Alcaldesa, M.^a Cristina Cid Fernández

Dou fe, o Secretario,

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

DECRETO DA ALCALDESA Núm. 202, de data 26/06/2018.

ASUNTO: Membros da Xunta de Goberno Local.

Como consecuencia da renuncia ao seu cargo de alcalde e tamén á condición de concelleiro de D. Francisco García Suárez, na sesión plenaria do 15/06/2018, e trala toma de posesión no cargo de Alcaldesa de D^a María Cristina Cid Fernández, na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación do 21/06/2018, procede remodelar a composición da Xunta de Goberno Local.

De conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 65 en relación co 61 da Lei do Parlamento de Galicia 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local; artigo 23, en relación co 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local; e, 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 (ROF), RESOLVO:

Primeiro.- Que, a Xunta de Goberno Local, presidida por min, como Alcaldesa, estará integrada por catro concelleiros e concelleiras, número non superior ao tercio do número legal dos mesmos, sendo os que a continuación se indican:

DON BERNARDO VARELA LÓPEZ

DONA M^a ELENA SUÁREZ ESTEVEZ

DON ALBERTO CONDE RODRIGUEZ

DONA MARÍA ISABEL POISA REY

Segundo.- A Xunta de Goberno Local terá asinadas as seguintes atribucións:

a) A asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que a continuación se expresan:

- *Tomar razón dos escritos e comunicacións de carácter oficial que en cada caso lle dé conta o Alcalde e adoptar os acordos que correspondan.*
- *Autorización dos gastos e aprobación das facturas que correspondan ao normal desenvolvemento do Presuposto por importe superior a 3.000 EUROS, e aprobación das certificacións de obras por igual ou superior importe.*
- *En materia de contratación, as que a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, na súa Disposición Adicional Segunda, apartados 1 e 7, atribúe ao Alcalde.*
- *Aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente o Alcalde para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Presuposto.*
- *As licencias urbanísticas descritas no artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, salvo cando teñan a consideración de obras menores.*
- *A concesión ou denegación das prórrogas das licencias de obras maiores.*
- *O informe preceptivo dos expedientes das autorizacións autonómicas en solo rústico ás que se refire o artigo 38 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia sempre e cando a licenza urbanística non teña a consideración de obra menor.*
- *A concesión das licencias de instalación e/ou apertura do establecemento, incluídas as de traspaso e cambio de titularidade.*
- *Licencias de apertura ao público de locais ou recintos e a entrada en funcionamento das instalacións destinadas a espectáculos ou actividades recreativas, así como o seu traspaso ou cambio de titularidade.*
- *Concesión ou denegación do dereito de vado.*

c) *As que lle atribúan as leis.*

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución, conforme indica o artigo 52.4 en relación co 46.1, do ROF.

Cuarto.- Derrogar calquera outra disposición dictada con anterioridade á presente resolución.

A Alcaldesa, M.ª Cristina Cid Fernández

Dou fe, O Secretario

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

DECRETO DA ALCALDÍA Núm. 201, de data 26/06/2018.

ASUNTO: Delegacións efectuadas por esta alcaldía.

Como consecuencia da renuncia ao seu cargo de alcalde e tamén á condición de concelleiro de D. Francisco García Suárez, na sesión plenaria do 15/06/2018, e trala toma de posesión no cargo de Alcaldesa de D^a María Cristina Cid Fernández, na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación do 21/06/2018, procede delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno e mesmo as especiais que se poden efectuar en calesquera concelleiros.

De conformidade co disposto no artigo 43 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986 (ROF), RESOLVO:

Primeiro.- Outorgar delegacións especiais para a xestión de determinados servizos ou áreas a favor dos concelleiros que se citan:

NOME E APELIDOS	ÁREA OU CONCELLERÍA
Dona Maria Isabel Poisa Rey	Benestar Social
Don Bernardo Varela López	Medioambiente e Participación Social
Dona M ^a Elena Suárez Estevez	Servizos Municipais (Deportes, Alumeado Público e Transportes).
Dona M ^a Teresa Devesa Graña	Normalización Lingüística
Don Manuel Cid Pérez	Urbanismo e Persoal
Don Alberto Conde Rodriguez	Facenda, Cultura e Policía Local
Francisco Alejandro Piñeiro Losada	Accesibilidade
Olga Quintana Devesa	Mocidade e Educación

Segundo.- A delegación comprende a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, incluída a proposta de gastos, elaboración de proxectos e programas de actuación conforme ás directrices establecidas polo Alcalde, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución, conforme indica o artigo 44.2 do ROF.

Cuarto.- Derrogar calquera outra disposición dictada con anterioridade á presente resolución.

A Alcaldesa, M.^a Cristina Cid Fernández

Dou fe, O Secretario

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

5.- Modificación da composición das comisións informativas permanentes.

Vista a modificación da composición das comisións informativas que afecta unicamente aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG, o Pleno acorda aprobar, por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, a seguinte proposta da Alcaldía:

PROPOSTA DA ALCALDIA

Data 26/06/2018

ASUNTO: Modificación da composición das comisións informativas permanentes

Como consecuencia da renuncia ao seu cargo de alcalde e tamén á condición de concelleiro de D. Francisco García Suárez, na sesión plenaria do 15/06/2018, e trala toma de posesión no cargo de Alcaldesa de D^a María Cristina Cid Fernández, na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación do 21/06/2018, procede modificar a composición das comisións informativas permanentes de Obras e Urbanismo e a Comisión de Servizos Municipais na parte que corresponde aos membros do grupo municipal do BNG, substituíndo a representación que ostentaba a concelleira María Cristina Cid Fernández polo concelleiro Bernardo Varela López, quedando integradas polos seguintes concelleiros e concelleiras:

1.- COMISIÓN DE OBRAS E URBANISMO.

A.) Polo BNG:

Bernardo Varela López
Manuel Cid Pérez

B.) Polo PP:

Titular: José Daniel Rodicio Pérez
Suplente 1^º: Luz Doporto Real
Suplente 2^º: María del Carmen Pérez González

C.) Polo PSdeG-PSOE:

Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba

3.- COMISIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS

A.) Polo BNG:

Bernardo Varela López
María Elena Suárez Estevez

B.) Polo PP:

Titular: María del Carmen Pérez González
Suplente 1^º: Luz Doporto Real
Suplente 2^º: José Daniel Rodicio Pérez

C.) Polo PSdeG-PSOE:

Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba

As restantes comisións non experimentan variación algunha.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.
A Alcaldesa
M.^a Cristina Cid Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

6.- Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.

Vista a proposta da alcaldía de data 26/06/2018, o Pleno acorda aprobar, por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, a seguinte proposta da Alcaldía:

PROPOSTA DA ALCALDESA

Data 26/06/2018

ASUNTO: Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados e sociedades.

Como consecuencia da renuncia ao seu cargo de alcalde e tamén á condición de concelleiro de D. Francisco García Suárez, na sesión plenaria do 15/06/2018, e trala toma de posesión no cargo de Alcaldesa de D^a María Cristina Cid Fernández, na sesión extraordinaria celebrada polo Pleno da Corporación do 21/06/2018, procede modificar a representación que ostenta o grupo de goberno nos distintos órganos colexiados e sociedades municipais. Niste caso afecta á composición dos Consellos Escolares nos que se substitúe a D^a María Cristina Cid Fernández por D^a Olga Quintana Devesa, e ó Consello de administración de Reatur, SA, no que D. Alberto Conde Rodríguez substitúe a D. Francisco García Suárez, quedando estes órganos colexiados coa seguinte composición:

1. Consellos escolares

MANUEL CID PÉREZ.
OLGA QUINTANA DEVESA.

2. Para o Consello de Administración da empresa REATUR, SA.

M^a CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ

Dispor o cesamento dos representantes nomeados polo pleno desta Coporación en acordos anteriores.

A Alcaldesa
María Cristina Cid Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

7.- Relación dos cargos da Corporación con dedicación exclusiva.

Da conta a Alcaldesa sinalando que no orzamento en vigor para o 2018 están previstas as consignacións económicas para as dedicacións exclusivas desta Corporación e tamén as retribucións correspondentes. A proposta actual non contempla ningunha modificación en canto ás retribucións aprobadas no orzamento e polo tanto coas consignacións previstas, se ben habería unha pequena variación en canto á porcentaxe de dedicacións exclusivas de dous dos perceptores, e mesmo cun aforro global do gasto do 5%. A continuación da conta da proposta co detalle que figura na parte resolutiva do acordo.

A razón destas dedicacións exclusivas e parciais, explica a Alcaldesa, é que o grupo de goberno do concello no seu día decidiu asumir a xestión directa de todos os servizos, unicamente está externalizado o servizo da auga potable, todos os demais xestionáanse directamente polo propio concello, convencidos de que a xestión pública non só pode igualar á xestión privada senón que en algúns casos beneficia ó administrado, para o cal requírese un volumen importante de traballadores que fai que se necesite que xustifica de dedicacións exclusivas. Noutros concellos estas dedicacións substitúense normalmente coa contratación de xerentes de áreas ou servizos.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que o seu grupo, como xa ten manifestado en reiteradas ocasións, non está de acordo co réxime de dedicacións proposto, e tampouco o vai facer nesta ocasión. Non lles parece axeitado ter tantas dedicacións exclusivas e parciais nun concello que ten o orzamento que ten e cos problemas económicos que ten, que son acuciantes. Por outro lado, en canto ás cuantías, non só non lles da unha diminución do 5 ou 6% que comentaba a Alcaldesa senón ó contrario, con respecto ó ano 2015 dalles un incremento de 26.459,34 euros, así figura no Decreto do Alcalde do 2105 no que a dedicación bruta anual do Alcalde, Francisco García Suárez, era de 39.326,28 euros, mentras que agora hai unha dedicación exclusiva para a Alcaldesa cunha retribución bruta anual de 53.254,92 euros; daquela, no 2015, tamén se contemplaba unha retribución bruta anual para M^a Cristina Cid Fernández de 24.600 euros, unha dedicación parcial do 70% para Bernardo Varela de 15.092 euros e unha dedicación parcial para M^a Elena Suárez que representaban 15.000 euros. Agora, hai unhas retribucións notablemente mais elevadas, porque se se comparan as retribucións brutas anuais de cada unha das dedicacións exclusivas e de cada unha das dedicacións parciais, nas dúas ocasións, 2015 e 2018, falase dos mesmos conceptos, pero no 2015 suman 94.125,78 euros e no 2018 suman 120.585,12 euros, o cal representa un incremento de 26.459,34 euros, que representa un aumento do 28,11%. O grupo popular non só está en desacordo co fondo da cuestión, tampouco coas cantidades.

Por parte do grupo socialista non hai intervencións.

No turno de réplica, a Alcaldesa explica que, no 2015, cando se aprobaron as dedicacións exclusivas fíxose sobre o salario bruto mensual, mentras que no Decreto do 2018 faise un cadro mais exhaustivo que contempla tamén o custe total, incluído o custe da seguridade social. No 2015 non se explicitou este custe pero se se repasan os distintos orzamentos aprobados, na partida de seguridade social, sí está a parte correspondente dos cargos con dedicación exclusiva ou parcial. Por eso, cando antes aludía ó salario bruto mensual o facía para que se visualizar que son salarios exactamente iguais, que non hai variación algunha. Polo tanto, se se revisan tanto as contas do concello como as diferentes actas pódese comprobar non só isto, senón que por un erro de transcripción na retribución da alcaldesa hai un erro de 30 euros de menos con respecto á retribución do anterior alcalde, que vai quedar así, co erro incluído. A única variación, reitera, é que nesta ocasión decidiuse incluír o cadro dos custes da seguridade social, por eso o cadro que se presenta agora é bastante mais amplo que o presentado no 2015. Faise deste xeito para que haxa unha total transparencia dos custes.

No turno de réplica, o concelleiro do grupo popular, José Daniel Rodicio Pérez, reitera que el compara conceptos iguais. Na proposta do ano 2015 xa falaba de retribución bruta anual de 39.326,28 euros, no caso do alcalde, mentras que agora, no 2018, tamén se dí retribución bruta anual de 53.254,92 euros; algo non cadra, engade. Os conceptos son iguais, e sumando as mesmas retribucións brutas anuais, nun caso, no 2015, sumaban 94.125,78 euros e no 2018 suman 120.585,12 euros. De ser certo o que dí a Alcaldesa o que se demostra é o obscurantismo que houbo, polo menos ate agora, en canto a non facilitar as cifras do que supuña os gastos reais das dedicacións exclusivas e das dedicacións parciais, facéndonos ver que eses gastos e eses custes eran de 94 mil euros que foi o que se aprobou mentras que agora resulta que os custes son de 120 mil.

Por parte do grupo socialista non hai intervención.

Para zanzar este tema, a Alcaldesa dá lectura á acta da sesión extraordinaria celebrado o día 26.06.2015, que establecía, no seu apartado primeiro, con respecto á dedicación exclusiva do Alcalde o seguinte:

Establecer os cargos da corporación con dedicación exclusiva a D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ, Alcalde-Presidente, polo exercicio das labores propias do seu cargo, cunha cunha retribución bruta anual de 39.326,28 euros, que se percibirán en catorce pagas de 2.809,02 euros de retribución bruta mensual, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, dándosele de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Exactamente a mesma retribución bruta mensual que aparece no cadro resultante da proposta que traemos agora, reitera a Alcaldesa. Polo tanto, cree que no acordo que figura na acta daquela sesión explicase perfectamente, sinala, *dándosele de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.* O mesmo figura en todos os apartados para as restantes dedicacións, exclusivas ou parciais.

O que se fixo este ano foi incorporar nun cadro as cotas sociais nun cadro explicativo, daquela dicíase no acordo pero non figuraba no cadro expresivo das cifras, agora tamén figura no cadro para maior transparencia. Pero hai que recoñecer que non houbo ningún exercicio de ocultación, porque na acta xa estaban todos os conceptos. Así está en todas e cada unha das retribucións por dedicacións exclusivas ou parciais recoñecidas, tanto no 2015 como no 2018.

Finalmente, debatido amplamente o asunto nos termos expostos, o Pleno, co acordo da maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (7), co voto en contra do PP (2) e coa abstención do PSdeG-PSOE (1), aproba a seguinte proposta da alcaldía:

Primeiro.- Establecer os cargos da corporación con dedicación exclusiva a **D^a. MARÍA CRISTINA CID FERNÁNDEZ**, Alcaldesa, polo exercicio das labores propias do seu cargo, cunha cunha retribución bruta anual de 53.254,92 euros, que se percibirán en catorce pagas de 2.865,48 euros de retribución bruta mensual, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, dándosele de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Segundo. Recoñecer a **D. BERNARDO VARELA LÓPEZ**, 1^o Tte. de Alcalde e concelleiro de Medio Ambiente e Participación Social, unha dedicación exclusiva para o desempeño das funcións propias do seu cargo cunha retribución bruta anual de 33.664,92 euros, que se percibirán en catorce pagas de 1.811,40 euros de retribución bruta mensual, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, dándosele de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Terceiro. Recoñecer a **D^a. ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ**, 2^a Tte. de Alcalde e concelleira de Sevizos Municipais (Deportes, Alumeado Público e Transporte) unha adicación parcial do 70% para o desempeño das funcións propias do seu cargo cunha retribución bruta anual de 23.565,60 euros, que se percibirán en catorce pagas de 1.267,98 euros de retribución bruta mensual, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, dándosele de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Cuarto. Recoñecer a **D. ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ**, 3^o Tte. de Alcalde e concelleiro de Facenda, Cultura e Policía Local), unha adicación parcial do 30% para o desempeño das funcións propias do seu cargo cunha retribución bruta anual de 10.099,68 euros, que se percibirán en catorce pagas de 543,42 euros de retribución bruta mensual, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, dándosele de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

CADRO RESULTANTE

Nome e Apelidos	Cargo	Xornada	Salario Bruto	Rateo extras	Ret. Bruta	SS Empresa	Custo mensual	Custo anual
M ^a Cristina Cid Fernández	Alcaldesa	100%	2.865,48	477,58	3.343,06	1.094,85	4.437,91	53.254,92
Bernardo Varela López	Concelleiro medio ambiente	100%	1.811,40	301,90	2.113,30	692,11	2.805,41	33.664,92
Elena Suárez Estévez	Concelleira servizos municipais	70%	1.267,98	211,34	1.479,32	484,48	1.963,80	23.565,60
Alberto Conde Rodríguez	Concelleiro Facenda	30%	543,42	90,58	634,00	207,64	841,64	10.099,68
TOTAL CUSTE ANUAL	6.488,28	1.081,40	7.569,68	2.479,08	10.048,76		120.585,12	

Quinto. Que se publique no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello de Allariz de forma íntegra o presente acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Sexto. As percepcións contempladas no presente acordo devegaranse con data 01/07/2018.

8.- Ratificación, se procede, do Decreto do Alcalde n.º 0184/2018 sobre o proxecto de servizos sociais comunitarios para o ano 2018 polo que se rectifica, a instancia da Consellería de Benestar Social, o Decreto do Alcalde n.º 0160/2018.-

Da conta a concelleira de benestar social, María Isabel Poisa Rey, sinalando que daquela, no Decreto núm. 160 de data 24.04.2018 establecíase un gasto total de 162.704,40, cun gasto para persoal de 47.102 €. Pois ben, a requirimento da Xunta de Galicia é preciso efectuar unha modificación nesta partida coa inclusión do custe da Educadora Social, de modo que a partida do custe laboral pasa a ser de 84.146 euros e, en consecuencia, o custo total do proxecto de plan concertado elévase a 199.748 euros. Polo tanto procede ratificar a aprobación desta variación feita mediante Decreto da Alcaldía núm. 0184, de data 15.06.2018, conclúe.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que lles parece ben a rectificación.

Polo grupo socialista do PsdeG-PSOE, Zaida A. Rodríguez Camba, pregunta por qué ten que ser ratificado este Decreto polo Pleno.

O Secretario informa que a ratificación do Decreto polo Pleno ven determinada polas normas que regulan as convocatorias destas subvencións establecidas pola Xunta de Galicia nas que se establece que os acordos de aprobación do Plan Concertado corresponden ó Pleno da Corporación; polo contrario, os servizos xurídicos dos concellos interpretamos quea competencia mais corresponden ós alcaldes, non ós órganos plenarios, porque a atribución de competencias entre os distintos órganos da administración local segue o principio de legalidade, de modo que se está atribuído por lei non se debe alterar por unha

norma de rango inferior, sexa unha Orde ou sexa un Decreto. Non obstante, as discrepancias de natureza xurídica non teñen maior relevancia.

Seguidamente,

O Pleno, pola unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión no momento da votación, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, acorda ratificar o seguinte Decreto:

DECRETO DO ALCALDE Núm. 184, de data 15/06/2018

ASUNTO: Proxecto de Servizos Sociais Comunitarios para o 2018.

Visto o Proxecto de Servizos Sociais Comunitarios para o 2018 redactado polo servizo deste concello de acordo cos prescricións establecidas na normativa en vigor.

No uso das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Solicitalle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

SEGUNDO. O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral desta anexo V, é de 199,748,40 €, co seguinte detalle:

- *Persoal : 84.146,00 €*
- *Mantemento : 250,00 €*
- *Axuda no fogar :*
 - . Modalidade de prestación básica do Plan Concertado : 0,00 €*
 - . Modalidade para persoas valoradas como dependentes : 115.352,40 €*
- *Xestión de programas: 0,00 €*
- *Investimento: 0,00 €*

TERCEIRO. Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

CUARTO. Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2018 na contía de 416,156,31 €, que supón unha porcentaxe do 71,89 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

*Cúmprase,
O alcalde,*

*Ante min,
O secretario,*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

9.- REATUR,SA.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Reatur, SA, aprobación, se procede, da conta anual do exercicio 2017.

Constitúese o Pleno en asemblea xeral para aprobar en tempo e forma, antes do 30 de xuño, as contas das empresas municipais, Reatur, SA e Medioambiental Alaricana, SL que, se ben están integradas na conta xeral do concello, neste caso procede aprobar singularmente cada unha das contas das empresas

polas asembleas xerais respectivas para dar conta deste trámite no Rexistro Mercantil tal como dispón a lei de sociedades de capital.

Polo que respecta á conta de Reatur, explica a Alcaldesa, neste caso en calidade de concelleira delegada da empresa, as cifras globais de negocio no exercicio 2017 ascenden a 376.687 euros, cun incremento continuado nos últimos catro anos, moderado, pero que ven dando unha idea da recuperación que se está facendo a través dos diferentes programas da actividade económica de Reatur que está permitindo que se leven catro anos consecutivos encadenando crecementos en canto ó importe neto da cifra de negocio.

O resultado de explotación do exercicio ascende a 12.833,60 euros, e unha vez descontados os impostos, o resultado positivo do exercicio na conta de perdas e ganancias é de 7.520,57 euros. O cálculo do imposto de sociedades da unha cota líquida a devolver de 18.193,64 euros que se corresponden fundamentalmente coas liquidacións a conta dos IRPF. En canto ós préstamos bancarios que ten subscrito a empresa, seguimos na mesma liña que xa se avanzou fai uns anos, de facer unha amortización progresiva que presenta unha redución considerable da financiación externa. En concreto, no 2017, a 31 de decembro, a empresa ten pendentes de amortizar co Banco Sabadell 12.478,59 euros, cando no exercicio 2016 tiña 24.375 euros, é dicir, unha redución de 12.896 euros. Esta financiación vai permitir que durante o actual exercicio, en novembro do 2018, se liquide este préstamo, que se subscribira para inversións en o camping e a hípica. Polo tanto, se no ano pasado xa se cancelaran os préstamos concertados con La Caixa, neste exercicio cancelárase o que se ten co Banco Sabadell. Os que se teñen con ABANCA ascenden a un importe total de 59.030 euros, en dous préstamos de 35.309,78 euros e 23.720,30 euros, o primeiro deles cancelárase a 31 de xullo de 2023 e o segundo o 20 de outubro de 2020. Isto significa un horizonte, en canto a préstamos, bastante despexado con respecto ó que se dicía fai uns anos.

En canto ao patrimonio neto, continúa, no 2017 non sufriu ningunha variación, 1.973.840,65 euros, que ten que ver, fundamentalmente, co seu inmovilizado, porque a empresa non só é xestora do Camping e da Hípica, senón que tamén é propietaria das casas de turismo rural e de edificios significativos no Casco Histórico. Polo tanto, ese patrimonio ascende practicamente aos dous millóns de euros. Tampouco hai variación en canto ó capital social de Reatur que ascende a 680.400 euros. Polo que respecta aos motivos que xustificaron no seu momento a creación desta sociedade municipal, o número de usuarios e persoas atendidas, e polo tanto a dinamización económica que ten xerado a empresa, o obxectivo que nos fixábase, a dous anos vista de alcanzar e superar as 25.000 persoas atendidas neste exercicio 2017, das que 10.170 correspóndense aos 226 grupos organizados que Reatur atendeu durante o exercicio, unha boa parte constituídos por grupos escolares, campamentos, e o resto son persoas particulares, excursións, que se atenden tanto na Hípica como no Camping, cafetería, alugueres e demais. Polo tanto, o obxectivo de acadar os 25.000 usuarios xa está superado. É unha cifra importante por unha razón: porque cando se creou a empresa nacía para cumprir dous grandes obxectivos, o primeiro deles, para facer unha dinamización económica de Allariz a través do sector turístico, pondo en marcha un proxecto cultural complementario entre o concello e a sociedade mercantil a través do Camping, a Hípica, as casas de turismo rural, para que contribuíra á dinamización económica de Allariz, do seu comercio e hostelería. Cree que os obxectivos están cumpridos.

A maiores, explicábase daquela, e considera vixente, o modelo de creación da empresa respondía a unha actividade claramente empresarial (cafetería, alugueres de cabalos, clases de hípica....) que, de prestarse a través da administración, non só retrasaría as decisións, senón que as complicaría enormemente. Polo tanto, os motivos da creación da empresa e os obxectivos xa están cumpridos, conclúe, tal como demostran as cifras expostas.

En canto ó número de persoas traballadoras da empresa, algo sobre o que no exercicio anterior, o Partido Popular pedira explicacións, ascenden a 5 persoas fixas durante todo o ano, pero tamén hai contratacións puntuais en Semana Santa o verán, por reforzos de limpeza, recepción ou cafetería, que explican os cadros do número de persoal medio en decimais.

Conclúe sinando que tamén se rebaixou a ratio do Período Medio de Pago a Proveedores, algo do que se falou no exercicio pasado, que era un obxectivo que nos marcábase, xa que no ano 2016 estaba en 39 días, mentras que agora, no 2017, xa está en 33.

Polo tanto, e polas razóns expostas, o BNG vai votar favorablemente a conta de Reatur.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa concelleira, M^a del Carmen Pérez González, sinala que o seu grupo non está de acordo con algúns aspectos da conta de Reatur pero van reservar o debate pormenorizado para cando se debata a conta xeral do concello.

Polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE non hai intervencións.

Polo exposto,

O Pleno, constituído en Xunta Xeral de Reatur S.A., acorda, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (7), co voto en contra dos concelleiros do PP (2) e coa abstención da concelleira do PSdeG-PSOE (1), aprobar as seguintes propostas:

PRIMEIRO. Nomear Presidente e Secretario da Xunta Xeral de REATUR, SA., empresa de capital integramente municipal:

Presidenta: M^a Cristina Cid Fernández, Alcaldesa.

Secretario: Bernardo Varela López, Concelleiro de Medio Ambiente.

SEGUNDO. Aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio 2017, pechado o 31 de decembro de 2017.

TERCEIRO. Aplicar o resultado nos seguintes termos:

BASE DE REPARTO 2017

Perdas e ganancias 7.520,57

CUARTO. A sociedade cumpre as condicións para formular as contas anuais de forma abreviada por concorrer as seguintes circunstancias durante os dous últimos exercicios:

BALANCE E ECPN ABREVIADO

	<i>Límite</i>	<i>2017</i>	<i>2016</i>
<i>Cifra anual de negocios</i>	<i>5.700.000,00</i>	<i>272.481,03</i>	<i>264.946,33</i>
<i>Total activo do Balance</i>	<i>2.850.000,00</i>	<i>2.054.552,61</i>	<i>2.083.594,50</i>
<i>Nº medio de traballadores</i>	<i>50,00</i>	<i>5,96</i>	<i>5,49</i>

PERDAS E GANANCIAS ABREVIADO

	<i>Límite</i>	<i>2017</i>	<i>2016</i>

<i>Cifra anual de negocios</i>	<i>22.800.000,00</i>	<i>272.481,03</i>	<i>264.946,33</i>
<i>Total activo do Balance</i>	<i>11.400.000,00</i>	<i>2.054.552,61</i>	<i>2.083.594,50</i>
<i>Nº medio de traballadores</i>	<i>250</i>	<i>5,96</i>	<i>5,49</i>

QUINTO. As Contas Anuais do exercicio 2017, foron aprobadas polo Pleno da Corporación local, constituído en Xunta Xeral da sociedade mercantil e constan de 21 páxinas, cuxos exemplares se achegan á presente certificación en soporte magnético. Os devanditos documentos non foron sometidos a verificación de auditor, conforme o artigo 263.2 do RD Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.

SEXTO. Facultar á Conselleira Delegada da entidade, Da. MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, para que compareza no Rexistro Mercantil e formalice as rendicións e declaracións das contas oportunamente.

10.- MEDIOAMBIENTAL ALARICANA, SL.- Constituído o pleno en xunta xeral da empresa municipal Medio Ambiental Alaricana, SL, aprobación, se procede da conta anual do exercicio 2017.

Da conta o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, en calidade de administrador único da sociedade, sinalando que as contas que presenta a empresa Medioambiental Alaricana, SL, son máis sixelas, dada a súa situación de estar en liquidación. As contas reflicten 60 euros en negativo correspondentes a gastos de mantemento de Notaría e Rexistro. Non hai ningunha outra actividade mercantil.

Aclara a Alcaldesa que xa se deron instrucións para que se proceda á liquidación desta sociedade dependente de Reatur e que se constituira para as labores de desbroces, e que máis tarde pasara a xestionar temporalmente o rebaño de cabras.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa concelleira, M^a del Carmen Pérez González, reitera a posición manifestada anteriormente de reservar o debate pomenorizado para cando se debata a conta xeral do concello.

Polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE non hai intervencións.

Polo exposto,

O Pleno, constituído en Xunta Xeral da sociedade municipal MEDIOAMBIENTAL ALARICANA S.L, acorda, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros do BNG (7), co voto en contra dos concelleiros do PP (2) e coa abstención da concelleira do PSdeG-PSOE (1), aprobar as seguintes propostas:

PRIMEIRO. Nomear Presidente e Secretario da Xunta Xeral de MEDIOAMBIENTAL ALARICANA S.L, empresa de capital integramente municipal:

Presidenta: M^a Cristina Cid Fernández, Alcaldesa.

Secretario: Bernardo Varela López, Concelleiro de Medio Ambiente.

SEGUNDO. Aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio 2017 pechado o 31 de decembro de 2017.

TERCEIRO. Aplicar o resultado nos seguintes termos:

BASE DE REPARTO 2017

Perdas e ganancias 0,00

CUARTO. A sociedade cumpre as condicións para formular as contas anuais de forma abreviada por concorrer as seguintes circunstancias durante os dous últimos exercicios:

BALANCE E ECPN ABREVIADO

	Límite	2017	2016
Cifra anual de negocios	5.700.000,00	0,00	0,00
Total activo do Balance	2.850.000,00	75.763,81	75.897,24
Nº medio de traballadores	50,00	0	0

PERDAS E GANANCAIS ABREVIADO

	Límite	2017	2016
Cifra anual de negocios	22.800.000,00	0,00	0,00
Total activo do Balance	11.400.000,00	75.763,81	75.897,24
Nº medio de traballadores	250	0	0

QUINTO. As Contas Anuais do exercicio 2017, foron aprobadas polo Pleno da Corporación local, constituído en Xunta Xeral da sociedade mercantil e constan de 26 páxinas, cuxos exemplares se achegan á presente certificación en soporte magnético. Os devanditos documentos non foron sometidos a verificación de auditor, conforme o artigo 263.2 do RD Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.

SEXTO. Facultar D. BERNARDO VARELA LÓPEZ, en calidade de Administrador Único da sociedade unipersonal pública, para que compareza no Rexistro Mercantil e formalice as rendicións e declaracións das contas oportunamente.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.

Finalmente, a Alcaldesa, *dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

A Alcaldesa, María Cristina Cid Fernández.

Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE